

# CARLOS GARAICOA

## EL PALACIO DE LAS TRES HISTORIAS

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

23 marzo / 1 xullo 2018

Hall, planta baixa

### CARLOS GARAICOA: HISTORIAS SOBRE A LÓXICA E O SOÑO DA CONSTRUCCIÓN

*El pensamiento como logos e afecto, palabra e intención, memoria e distancia, historia e atención, metáfora e ironía; é o fío de Ariadna que Carlos Garaicoa estende desde hai anos coa súa obra. O espazo crítico e o encantamento son os seus presupostos e as multitudes e as metrôpoles, a aventura á cal abeberarse.*

O relato co que se exercita o pensamento é o da cidade que, en canto espazo de paso, trama social e punto de encontro, representa, desde a súa aparición, o desafío máis complexo e metafórico do vivir humano. Arquitecturas, superposicións construtivas, incompletitude e imaxes que revisten o cotián con roupas que, en ocasións, o tempo revela inadecuadas, retóricas, pero tamén visionarias máis aló da súa historia e a súa función. Un tecido cuxa urdidura remite a decisións impostergables, pero tamén a suxestións esquecidas no tempo ou devidas molestas para o seu propio auto de fe.

Cando Carlos Garaicoa inicia a súa obra en Cuba na década dos noventa, faino enlazando a súa creatividade co relato da cidade da Habana. Unha síntese de pensamento, de batallas gañadas e perdidas, de primeiros planos e fondos que nos leva a perdernos no labirinto dunha gramática construtiva en ruínas, consumida antes de ser terminada ou, máis sinxelamente, abandonada a si mesma. A construción arquitectónica, paradigmática tanto dun lugar real coma da súa proxección, móstrase, a ollos de Garaicoa, como a páxina dun libro que aínda está por escribir. As arquitecturas sucedense no lugar das páxinas sen ningunha présa por escribir o final, pero coa curiosidade de quen, en busca dunha linguaxe propia, avanza ás apalpadelas atopando en cada esquina, en cada volta do camiño o salto de capítulo e a clave para contar unha historia que nunca termina.

Fronte á cidade que só espera contar, Garaicoa propón a cámara fotográfica e parte á aventura. A fotografía, ponte entre a


### CARLOS GARAICOA: HISTORIAS SOBRE LA LÓGICA Y EL SUEÑO DE LA CONSTRUCCIÓN

*El pensamiento como logos y afecto, palabra e intención, memoria e distancia, historia y atención, metáfora e ironía; es el hilo de Ariadna que Carlos Garaicoa extiende desde hace años con su obra. El espacio crítico y el encantamiento son sus presupuestos, y las multitudes y las metrópolis, la aventura a la cual abeberarse.*

El relato con el que se ejercita el pensamiento es el de la ciudad, que, en cuanto espacio de paso, trama social y punto de encuentro, representa, desde su aparición, el desafío más complejo y metafórico del vivir humano. Arquitecturas, superposiciones constructivas, incompletitud e imágenes que revisten la cotidianidad con ropas que, en ocasiones, el tiempo revela inadecuadas, retóricas, pero también visionarias máis allá de su historia y su función. Un tejido cuya urdimbre remite a decisiones impostergables, pero también a sugerencias olvidadas en el tiempo o devenidas molestas para su propio auto de fe.

Cuando Carlos Garaicoa inicia su obra en Cuba en la década de 1990, lo hace enlazando su creatividade con el relato de la ciudad de La Habana. Una síntesis de pensamiento, de batallas ganadas y perdidas, de primeros planos y fondos que nos lleva a perdernos en el laberinto de una gramática constructiva en ruinas, consumida antes de haber sido terminada, o, más sencillamente, abandonada a si misma. La construción arquitectónica, paradigmática tanto de un lugar real como de su proyección, se muestra, a ojos de Garaicoa, como la páxina de un libro que aún ha de escribirse. Las arquitecturas se suceden en el lugar de las páxinas, sin ninguna prisa por escribir el final, pero con la curiosidad de quien, en busca de un lenguaje propio, avanza a tientas encontrando en cada esquina, en cada recodo del camino, el salto de capítulo y la clave para contar una historia que nunca termina.

Fronte a la ciudad que solo espera contar, Garaicoa propone la





*Limpio, brillante, inútil*, 2017 e *Passato, Presente, Futurismo*, 2017. Carlos Garaicoa, VEGAP, Santiago de Compostela, 2018  
 Vista da exposición *Carlos Garaicoa. El palacio de las tres historias*, Fondazione Merz, Turín, 2017-2018. Fotografía: Renato Ghiazza

linguaxe expresiva e a linguaxe crítica, é o medio co cal concibir, aínda sen recollela, a dualidade entre o desexo e o seu obxecto e acometer unha análise da atracción. Roland Barthes describe moi ben esta sensación: “Neste sombrío deserto, tal foto, de golpe, chégame ás mans; anímame e eu ánimoa. É así, pois, como debo nomear a atracción que a fai existir: unha *animación*. [...] É o que fai toda aventura”<sup>1</sup>.

O itinerario é anárquico e o destino, impreciso; o importante non é tanto mostrar como atoparse xustamente alí para premer o obturador e ofrecer, mediante a imaxe dunha casa vella, dun pórtico, dunha mensaxe nunha parede, dun muro derruído, do esqueleto dunha estada, a sensación de acharse en consonancia con todo aquilo ao que remite a fotografía. *Calle Teniente. Rey y Zulueta. La Habana* (1991), *Socialismo ou socialismo. Av. 10 de Octubre* (1992), *Aquí construye* (1993), *Acerca de la Casa del Reloj y del tiempo que se ha ido (Reloj)* (1995) e *La maravilla (La conversación)* (1995-1996) son fotografías austeras, sen redundancias de luz nin de detalles, tomadas case ao azar, pero precisas e directas coma unha frecha zen.

Un exemplo da aventura que, xa nas súas primeiras obras, Carlos Garaicoa comeza a trazar, imprimíndolle un sentido distinto tamén á fotografía que (por dicilo unha vez máis con Barthes) adquire carácter subversivo non porque estigmatice, senón porque se volve pensativa.

Pensativa coma unha paisaxe urbana que quere ser habitada, non só visitada, aínda que ás veces resulta inadecuada, non responde aos pequenos desexos nin ás grandes expectativas, e que, a pesar de

cámara fotográfica y parte a la aventura. La fotografía, puente entre el lenguaje expresivo y el lenguaje crítico, es el medio con el cual concebir, aun sin recogerla, la dualidad entre el deseo y su objeto y acometer un análisis de la atracción. Roland Barthes, describe muy bien esta sensación: “En este sombrío desierto, tal foto, de golpe, me llega a las manos; me anima y yo la animo. Es así, pues, como debo nombrar la atracción que la hace existir: una *animación*. [...] Es lo que hace toda aventura”<sup>1</sup>.

El itinerario es anárquico y el destino, impreciso; lo importante no es tanto mostrar como encontrarse justamente allí para pulsar el obturador y ofrecer, mediante la imagen de una casa vieja, de un pórtico, de un mensaje en una pared, de un muro derruido, del esqueleto de un andamio, la sensación de hallarse en consonancia con todo aquello a lo que remite la fotografía. *Calle Teniente. Rey y Zulueta. La Habana* (1991), *Socialismo o socialismo. Av. 10 de Octubre* (1992), *Aquí construye* (1993), *Acerca de la Casa del Reloj y del tiempo que se ha ido (Reloj)* (1995) y *La maravilla (La conversación)* (1995-1996) son fotografías austeras, sin redundancias de luz ni de detalles, tomadas casi al azar, pero precisas y directas como una flecha zen.

Un ejemplo de la aventura que, ya en sus primeras obras, Carlos Garaicoa comienza a trazar, imprimiendo un sentido distinto también a la fotografía, que (por decirlo una vez más con Barthes) adquire carácter subversivo no porque estigmatice, sino porque se vuelve pensativa.

Pensativa como un paisaje urbano que quiere ser habitado, no solo visitado, si bien a veces resulta inadecuado, no responde a los

1 Roland Barthes, *La Cámara Lúcida*, Paidós, Barcelona, 1999, p. 55.

1 Roland Barthes, *La Cámara Lúcida*, Paidós, Barcelona, 1999, p. 55.

todo, continúa seduciéndonos cunha promesa de futuro que debe buscarse no pasado. Pensativa porque a súa actitude non remite á nostalxia (aínda así presente) nin ao queixume nin á documentación, senón a un xogo de reflexos que alimenta a imaxinación, transforma a mirada, ironiza e proxecta sobre o presente posibilidades inexploradas, proxeccións ignotas e cambios por experimentar.

Os títulos das súas obras fotográficas teñen carácter programático: *Acerca de esos incansables Atlantes que sostienen día por día nuestro presente* (1993-1995), *Cualquier sitio puede ser un buen sitio para vivir* (1999), *El sueño de algunas ciudades es llegar a convertirse en otras* (2001) son só algúns dos moitos capítulos escritos por medio da fotografía, a palabra e pronto tamén o signo que Garaicoa traza sobre as imaxes para transformar o aquí e o agora noutra cousa, para mudar a súa aparencia sen derrubar os seus cimentos, propiciar o seu renacemento sen traizoar as súas premisas.

A palabra é un elemento irrenunciable na obra de Garaicoa, non só porque é un amante da escritura e da poesía, senón porque a palabra eleva o pensamento e condúceo máis aló do que ven os ollos. O signo evidencia os seus dotes como debuxante técnico e imaxinativo, e introduce a acción, porque nada pode modificarse mediante o pensamento sen un saber feito construción.

Un propósito ambicioso que, partindo da Habana, leva a mirada de Garaicoa a ampliar a súa perspectiva e a súa escala, porque o seu traballo coa arquitectura e o proxecto así llo esixen.

Pensamento, proxecto, arquitectura. A declinación coa arte é persuasiva e ten moitas facetas.

É sedutora e xoga coa anticipación. Fálalle ao colectivo, pero tamén é introvertida. Nostalxia e anticipación. O nós e o eu.

A arquitectura afunde as súas razóns na necesidade de construír un refuxio, pero logo transfórmase no intento de impoñer unha visión do mundo no caos pasado e presente, posúe unha lóxica e un significado para unha opción posible, permite esquecer a precariedade e albergar a ilusión dun significado, unha referencia con respecto á cal medir o lugar que o home ocupa no mundo. Frente á irregularidade da paisaxe, propón a artificialidade dos planos nivelados; coa liña recta sinala a presenza da lóxica humana e a súa forma permanente. A paisaxe dura máis ca o humano, e asociala con construcións que poidan competir coa súa escala temporal bríndanos o consolo de atoparnos diante dalgún tipo de eternidade. O tempo cambia os materiais, as técnicas e os procedementos, pero a arquitectura segue servindo para lle dar forma ao mundo e atangue sempre ás mesmas cousas: a memoria, o tempo, a eternidade, o espectáculo e a función. Crea unha trama que podemos permitirnos ignorar, pero nunca suprimir.

Garaicoa percibe estas conexións e desde o primeiro momento decide non deterse nos estilemas clasificatorios da arquitectura, senón medirse co seu significado político, cos motivos da súa existencia e o seu valor simbólico. Unha decisión a contrapelo que o pon en relación coas complexidades inherentes á construción, como os orzamentos de complexidade, de relación social e de poder.

Actualmente, son moitos os artistas que se enfrontaron á idea de construción e arquitectura como metáfora individual e colectiva. Poéticas extremas, como a de Gordon Matta-Clark (1943), que en

pequenos deseos ni a las grandes expectativas, y que, pese a todo, continúa seduciéndonos con una promesa de futuro que debe buscarse en el pasado. Pensativa porque su actitud no remite a la nostalgia (aun así presente) ni al lamento ni a la documentación, sino a un juego de reflejos que alimenta la imaginación, transforma la mirada, ironiza y proyecta sobre el presente posibilidades inexploradas, proyecciones ignotas y cambios por experimentar.

Los títulos de sus obras fotográficas tienen carácter programático: *Acerca de esos incansables Atlantes que sostienen día por día nuestro presente* (1993-1995), *Cualquier sitio puede ser un buen sitio para vivir* (1999), *El sueño de algunas ciudades es llegar a convertirse en otras* (2001) son solo algunos de los muchos capítulos escritos por medio de la fotografía, la palabra y pronto también el signo que Garaicoa traza sobre las imágenes para transformar el aquí y el ahora en otra cosa, para mutar su apariencia sin derribar sus cimientos, propiciar su renacimiento sin traicionar sus premisas.

La palabra es un elemento irrenunciable en la obra de Garaicoa, no solo porque él sea un amante la escritura y la poesía, sino porque la palabra eleva el pensamiento y lo conduce más allá de lo que ven los ojos. El signo evidencia sus dotes como dibujante técnico e imaginativo, e introduce la acción, porque nada puede modificarse mediante el pensamiento sin un saber hecho construción.

Un propósito ambicioso que, partiendo de La Habana, lleva a la mirada de Garaicoa a ampliar su perspectiva y su escala, porque su trabajo con la arquitectura y el proyecto así se lo exigen.

Pensamiento, proyecto, arquitectura. La declinación con el arte es persuasiva y tiene muchas facetas.

Es seductora y juega con la anticipación. Habla al colectivo, pero también es introvertida. Nostalgia y anticipación. El nosotros y el yo.

La arquitectura hunde sus razones en la necesidad de construir un refugio, pero luego se transforma en el intento de imponer una visión del mundo en el caos pasado y presente, posee una lógica y un significado para una opción posible, permite olvidar la precariedad y albergar la ilusión de un significado, una referencia con respecto a la cual medir el lugar que el hombre ocupa en el mundo. Frente a la irregularidad del paisaje, propone la artificialidad de los planos nivelados; con la línea recta señala la presencia de la lógica humana y su forma permanente. El paisaje dura más que lo humano, y asociarlo con construcciones que puedan competir con su escala temporal nos brinda el consuelo de encontrarnos delante de algún tipo de eternidad. El tiempo cambia los materiales, las técnicas y los procedimientos, pero la arquitectura sigue sirviendo para dar forma al mundo y atañe siempre a las mismas cosas: la memoria, el tiempo, la eternidad, el espectáculo y la función. Crea una trama que podemos permitirnos ignorar, pero nunca suprimir.

Garaicoa percibe estas conexiones y desde el primer momento decide no detenerse en los estilemas clasificatorios de la arquitectura, sino medirse con su significado político, con los motivos de su existencia y su valor simbólico. Una decisión a contrapelo que lo pone en relación con las complejidades inherentes a la construcción, como los presupuestos de complejidad, de relación social y de poder.

Actualmente, son muchos los artistas que se han enfrentado a la idea de construción y arquitectura como metáfora individual y colectiva. Poéticas extremas, como la de Gordon Matta-Clark (1943),



1973 funda o grupo Anarchitecture, que se opón á homologación suburbana e busca terreos e edificios abandonados nos cales levar a cabo, mediante os seus *building acts*, transformacións esculturais de arquitecturas preexistentes co fin de chamar a atención sobre os problemas da metrópole. As fisuras que, cortando e reducindo o espazo, practica neses edificios en desuso dan paso a unha renovación temporal, simbólica e anárquica dos espazos sociais e experimentan cunha linguaxe creativa baseada na interrelación entre *performance* e arquitectura.

Poéticas íntimas, como a de Rachel Whiteread (1963), cuxo interese se centra non tanto no exterior coma no interior da arquitectura, entendido este como sinal da vida humana, negativo fotográfico dun baleiro vivido. Así, enche con cemento algúns edificios co fin de extraer o seu interior (*House*, 1993) ou replica a sala da BBC Broadcasting House (*Sin título. Sala 101*, 2003) como se fose a sala 101 que describe George Orwell en 1984. Os elementos arquitectónicos son utilizados para construír un espazo abstracto, entre o monumental e o íntimo, á caza de pegadas e promesas familiares.

Garaicoa, en cambio, na súa procura de síntese, intenta non forzar materialmente a arquitectura existente e deixa que sexa ela mesma a que suxira como continuar ou modificar o relato.

En *Continuidad de una arquitectura ajena*, presentada en 2002 na Documenta de Kassel, propón maquetas e deseños que

que en 1973 funda el grupo Anarchitecture, que se opone a la homologación suburbana y buscan terrenos y edificios abandonados en los cuales llevar a cabo, mediante sus *building acts*, transformaciones esculturales de arquitecturas preexistentes con el fin de llamar la atención sobre los problemas de la metrópoli. Las fisuras que, cortando y reduciendo el espacio, practica en esos edificios en desuso dan paso a una renovación temporal, simbólica y anárquica de los espacios sociales y experimentan con un lenguaje creativo basado en la interrelación entre *performance* y arquitectura.

Poéticas íntimas, como la de Rachel Whiteread (1963), cuyo interés se centra no tanto en el exterior como el interior de la arquitectura, entendido este como impronta de la vida humana, negativo fotográfico de un vacío vivido. Así, rellena con cemento algunos edificios con el fin de extraer su interior (*House*, 1993) o replica la sala de la BBC Broadcasting House (*Sin título. Sala 101*, 2003) como si fuera la sala 101 que describe George Orwell en 1984. Los elementos arquitectónicos son utilizados para construir un espacio abstracto, entre lo monumental y lo íntimo, a la caza de huellas y promesas familiares.

Garaicoa, en cambio, en su búsqueda de síntesis, procura no forzar materialmente la arquitectura existente y deja que sea ella misma la que sugiera cómo continuar o modificar el relato.

En *Continuidad de una arquitectura ajena*, presentada en 2002 en la Documenta de Kassel, propone maquetas y diseños que



*El palacio de las tres historias*, 2017. Carlos Garaicoa, VEGAP, Santiago de Compostela, 2018

Vista da exposición Carlos Garaicoa. *El palacio de las tres historias*, Fondazione Merz, Turín, 2017-2018. Fotografía: Renato Ghiazza

plasman hipóteses reais e factibles coas cales completar unhas arquitecturas que están en estado de suspensión. Un proxecto propio dun arquitecto, inspirado aínda en Cuba, pero que nos fala dos proxectos urbanos incompletos de calquera lugar do mundo mediante unha poética preocupada por sanar e protexer o corpo social coma se fose o propio corpo. Unha visión que volve unha e outra vez sobre a idea dos fíos en tensión e dos distintos puntos de fuga, como en *Mínimo Is Not Minimal (Los trucos de Mr. SL)*, V (2010), *Sin título (Puerto)* (2013) ou *Sin título (Escaleras)* (2014), onde a creatividade poética aplica a linguaxe do posible e do imposible. Teas de araña, cables de funámbulo, pegadas imaxinarias que se insiren en edificios existentes, esbozos construtivos, xeografías urbanas que urxe volver deseñar, proxeccións de cambio e desenvolvemento desexado, vínculos máis estreitos para lugares novamente identitarios.

Unha vez máis, a síntese: buscar un acordo para forzar o inmovilismo da percepción e do intercambio. Operar o social practicando unha incisión no lugar común co fin de extirpar as incapacidades e atopar novas imaxes, reinventar as liberdades comúns investindo en contextos innovadores. Unha metáfora construtiva para entrar e saír, subir e baixar, propoñer planos inclinados para obter puntos de observación múltiples e, sobre todo, construír, reducir, exceder. Por iso Garaicoa emprega a gramática arquitectónica e híbrida coa literatura, a fotografía, o debuxo, a instalación escultórica, a música e o vídeo. Unha arquitectura holística en busca de traxectorias e resultados sempre inesperados, aínda que sempre en nome da aventura.

Para cando realiza o seu proxecto *Saving the Safe* (2017), consistente en seis caixas fortes que conteñen cadansúa miniatura en ouro de seis bancos centrais de distintos lugares do mundo, o seu discurso sobre a arquitectura xa se desenvolveu e pasou da suxestión histórica e social á crítica do presente e á cuestión da democracia. A modernidade parece apostalo todo ás formas da desaparición: a da economía real en favor da financeira, a do sacrificio do visual en favor dun resultado procesual. A miniaturización, polo tanto, é o símbolo da tendencia á concentración do poder político e financeiro que Garaicoa, lonxe de silenciar, pon en evidencia a través dunha relectura formalmente irreprochable e, asemade, cruamente poética que deixa falar a lóxica oficial da construción e a súa retórica.

Non se trata xa de ruínas nin de proxectos incompletos que poderían renacer, senón dunha musculosidade arquitectónica case invisible, completa, pechada e intransformable, salvo a través dunha nova forma de pensar.

Garaicoa situouse xa neste punto cando decide presentar o proxecto, primeiro na Fondazione Merz de Turín e, agora, no CGAC de Santiago de Compostela.

Nunha entrevista con Baudrillard de hai algúns anos<sup>2</sup>, Jean Nouvel afirmaba que a arquitectura é unha aventura que se sitúa no mundo real e que implica seducción en tanto que presupón un consenso. Este espazo de seducción, espazo virtual da ilusión,

plasman hipótesis reales y factibles con las cuales completar unas arquitecturas que se hallan en estado de suspensión. Un proyecto propio de un arquitecto, inspirado aún en Cuba, pero que nos habla de los proyectos urbanos incompletos de cualquier lugar del mundo mediante una poética preocupada por sanar y proteger el cuerpo social como si fuera el propio cuerpo. Una visión que vuelve una y otra vez sobre la idea de los hilos en tensión y de los distintos puntos de fuga, como en *Mínimo Is Not Minimal (Los trucos de Mr. SL)*, V (2010), *Sin título (Puerto)* (2013) o *Sin título (Escaleras)* (2014), donde la creatividad poética aplica el lenguaje de lo posible y de lo imposible. Telas de araña, cables de funámbulo, huellas imaginarias que se insertan en edificios existentes, esbozos constructivos, geografías urbanas que urge volver a diseñar, proyecciones de cambio y desarrollo deseado, vínculos más estrechos para lugares nuevamente identitarios.

Una vez más, la síntesis: buscar un acuerdo para forzar el inmovilismo de la percepción y del intercambio. Operar lo social practicando una incisión en el lugar común con el fin de extirpar las incapacidades y encontrar nuevas imágenes, reinventar las libertades comunes invirtiendo en contextos innovadores. Una metáfora constructiva para entrar y salir, subir y bajar, proponer planos inclinados para obtener puntos de observación múltiples. Y, sobre todo, construir, reducir, sobrepasar. Por eso Garaicoa emplea la gramática arquitectónica y la híbrida con la literatura, la fotografía, el dibujo, la instalación escultórica, la música y el vídeo. Una arquitectura holística en pos de trayectorias y resultados siempre inesperados, aunque siempre en nombre de la aventura.

Para cuando realiza su proyecto *Saving the Safe* (2017), consistente en seis cajas fuertes que contienen sendas miniaturas en oro de seis bancos centrales de distintos lugares del mundo, su discurso sobre la arquitectura ya se ha desarrollado y ha pasado de la sugerencia histórica y social a la crítica del presente y a la cuestión de la democracia. La modernidad parece apostar todo a las formas de la desaparición: la de la economía real en favor de la financiera, la del sacrificio de lo visual en favor de un resultado procesual. La miniaturización, por tanto, es el símbolo de la tendencia a la concentración del poder político y financiero que Garaicoa, lejos de silenciar, pone en evidencia a través de una relectura formalmente irreprochable y, a la vez, crudamente poética que deja hablar a la lógica oficial de la construcción y a su retórica.

No se trata ya de ruínas ni de proyectos incompletos que podrían renacer, sino de una musculosidad arquitectónica casi invisible, completa, cerrada e intransformable, salvo a través de una nueva forma de pensar.

Garaicoa se ha situado ya en este punto cuando decide presentar el proyecto, primero en la Fondazione Merz de Turín y, ahora, en el CGAC de Santiago de Compostela.

En una entrevista con Baudrillard de hace algunos años<sup>2</sup>, Jean Nouvel afirmaba que la arquitectura es una aventura que se sitúa en el mundo real y que implica seducción en tanto que presupone un

2 Jean Baudrillard e Jean Nouvel, *Los objetos singulares: arquitectura y filosofía*, Fondo de Cultura Económica, Bos Aires, 2002.

2 Jean Baudrillard y Jean Nouvel, *Los objetos singulares: arquitectura y filosofía*, Fondo de Cultura Económica, Buenos Aires, 2002.

fúndase nunha desviación, nun desprazamento da percepción que permite compor un espazo arquitectónico feito de memoria e secuencias visivas. A construción crea o lugar e o non lugar, e esta é xa unha forma de sedución, pois fúndase na realidade e na non realidade.

*El palacio de las tres historias* concéntrase nesta forma de sedución e consenso que emana da arquitectura. Turín é unha cidade emblemática en canto a concatenacións e acontecementos históricos. Dada a súa relación coa industria, viviu a parábola do século vinte: do desenvolvemento e a aceleración á submisión e a privatización, ata chegar á transformación actual. Ao longo deste cambio, modificáronse a orde social e as actitudes, pero a historia non pasou inadvertida, senón que deixou marcas recoñecibles que identifican recordos e esixencias que aínda deixan abertas moitas portas.

A arquitectura da cidade vén ser un índice de catalogación e, asemade, un compendio dos temas que deben desenvolverse. Garaicoa, como xa fixera na Habana, percorre Turín, segue a súa intuición á vez que solicita información e toma nota dos seus encontros, fotografa fábricas abandonadas e edificios do período racionalista, pasa por casualidade polos barrios obreiros, observa os símbolos, entra en espazos destinados a novos usos, escoita historias. Os seus coñecementos sérvenlle de coordenadas, pero o seu verdadeiro compás é o que aínda non coñece.

A idea do *palacio* cobra forma a partir desta recompilación de asombros, de viaxes interrompidas, ambicións reencontradas, apostas gañadas e reembolsadas. A necesidade de unir o afastado co presente lévao a crear un novo expositor onde reunir toda a información, reexaminar todo aquilo que resulta mesmo demasiado familiar e distinguir todos os *e se*, os *pero*, os *entón* da historia que perduran no presente.

É preciso, pois, que exista un palacio ao que todo o mundo poida acceder, onde a información estea ao alcance sen necesidade de que haxa un propósito concreto, onde un poida deterse, ler, observar, escoitar, comentar, entrar, saír e, ante todo, camiñar, para que así sexa posible experimentar a aventura de Carlos Garaicoa. Un palacio non retórico para falar da retórica construtiva sobre a cal se funda a modernidade.

Así foi como o palacio comezou a tremer. Un valse suspendido de escaleiras, cristais e aceiro destinado a morder a gravidez, vaporizar a materia e abri-la ao inmenso cúmulo das preguntas e dos desexos. Fíxose praza, lugar aberto, ágora, teatro; en poucas palabras: cidade.

E todo volveu.

Os grandes valos publicitarios que salpican a cidade e mesmo as arterias que unen o palacio/praza convértense en carteis de prismas xiratorios. Estes carteis saen dos non lugares contemporáneos por excelencia, como os aeroportos e as estacións, e preséntansenos, contidos e sobredimensionados, no espazo expositivo para anunciar que a mitoloxía do resplandor das ideas e do progresismo quedou reducida a pensamento retórico e que para desabafala non abundan as simples operacións de retoque gráfico. A figura que se eleva sobre o *skyline*, ora dunha fábrica, ora de Turín, ora da Habana, toma como modelo as ilustracións de Bakisfigus, o debuxante propagandista

consenso. Este espazo de sedución, espazo virtual de la ilusión, se funda en una desviación, en un desplazamiento de la percepción que permite componer un espacio arquitectónico hecho de memoria y secuencias visivas. La construcción crea el lugar y el no lugar, y esta es ya una forma de seducción, pues se funda en la realidad y en la no realidad.

*El palacio de las tres historias* se concentra en esta forma de seducción y consenso que emana de la arquitectura. Turín es una ciudad emblemática en cuanto a concatenaciones y acontecimientos históricos. Dada su relación con la industria, ha vivido la parábola del siglo veinte: del desarrollo y la aceleración a la sumisión y la privatización, hasta llegar a la transformación actual. A lo largo de este cambio, se han modificado el orden social y las actitudes, pero la historia no ha pasado inadvertida, sino que ha dejado marcas reconocibles que identifican recuerdos y exigencias que todavía dejan abiertas muchas puertas.

La arquitectura de la ciudad viene a ser un índice de catalogación y, a la vez, un compendio de los temas que deben desarrollarse. Garaicoa, como ya hiciera en La Habana, recorre Turín, sigue su intuición al tiempo que recaba información y toma nota de sus encuentros, fotografía fábricas abandonadas y edificios del periodo racionalista, pasa por casualidad por los barrios obreros, observa los símbolos, entra en espacios destinados a nuevos usos, escucha historias. Sus conocimientos le sirven de coordenadas, pero su verdadera brújula es lo que todavía no conoce.

La idea del *palacio* cobra forma a partir de esta recopilación de asombros, de viajes interrumpidos, ambiciones reencontradas, apuestas ganadas y reembolsadas. La necesidad de unir lo lejano con lo presente lo lleva a crear un nuevo expositor donde reunir toda la información, reexaminar todo aquello que resulta incluso demasiado familiar y distinguir todos los *y si*, los *pero*, los *entonces* de la historia que perviven en el presente.

Es preciso, pues, que exista un palacio al que todo el mundo pueda acceder, donde la información esté al alcance sin necesidad de que haya un propósito concreto, donde uno pueda detenerse, leer, observar, escuchar, comentar, entrar, salir y, ante todo, caminar, para que así sea posible experimentar la aventura de Carlos Garaicoa. Un palacio no retórico para hablar de la retórica constructiva sobre la cual se funda la modernidad.

Así fue cómo el palacio comenzó a temblar. Un vals suspendido de escaleras, cristales y acero destinado a morder la pesadez, vaporizar la materia y abrirla al inmenso cúmulo de las preguntas y los deseos. Se hizo plaza, lugar abierto, ágora, teatro; en pocas palabras: ciudad.

Y todo ha vuelto.

Las grandes vallas publicitarias que salpican la ciudad e incluso las arterias que unen el palacio/praza se convierten en carteles de prismas giratorios. Estos carteles salen de los no lugares contemporáneos por excelencia, como los aeropuertos y las estaciones, y se nos presentan, contenidos y sobredimensionados, en el espacio expositivo, para anunciar que la mitología del resplandor de las ideas y del progresismo ha quedado reducida a pensamiento retórico y que para desempañarla no bastan las meras operaciones de retoque gráfico. La figura que se eleva sobre el *skyline*, ora de una fábrica, ora de Turín, ora de La



dos anos trinta<sup>3</sup>. A esta, con todo, parece faltarlle impulso e, cando mira atrás, parécese máis ao anxo da historia ca a un construtor de futuro. Unha obra case gritada que nace da lembranza de Garaicoa das moitas palabras e frases de incitación pintadas nas paredes de Cuba, pero que enlaza, así mesmo, coas mensaxes publicitarias que nos falan dun mundo perfecto e ao alcance de todos, aínda que cada vez menos accesible para moitos.

A secuencia, unida a unhas imaxes inspiradas nalgúns obras cubofuturistas pouco coñecidas de Duchamp<sup>4</sup>, ligadas ao pasado, ao presente e a un futurismo máis cinematográfico ca real, reforza a sensación de chegar a un lugar onde as épocas se mesturan no batedor da historia e onde todo pode repetirse, rexenerarse ou revertirse. As dimensións crean desconcerto e, nun primeiro momento, parécenos asistir a unha exhibición de forza destinada a impresionar; con todo, cando o pensamos mellor, estas dimensións adquiren outro significado. Falan da cidade, da metrópole como *exposición* onde todo debe subordinarse á sedución e a transgresión aparente para ser desexable e, se é posible, adquirible.

A referencia a obras anteriores, como *Palabra transformada* (2009), onde as consignas oficiais se ensamblaban e se transformaban en proxecto de cambio, vai acompañada dun conxunto de pequenas obras presentes na exposición: *Edificios parlantes* (2011-2012), fermosísimas sínteses entre liñas proxectuais e arquitecturas do pensamento ironicamente antirretóricas. Un golpe mortal á figuración desbordante dos carteis xiratorios, aliados invencibles na desestruturación do principio das ideas fixas.

Neste rotar de imaxes e este xogo de referencias do máis pequeno ao máis grande, a praza alóngase, os planos desalíñanse e as perspectivas duplícanse e triplican. Á marxe do espazo desenvólvense dúas grandes estruturas de cristal cuxas portas metálicas abren cara a diferentes capítulos da historia.

Edificios racionalistas reducidos a escultura e que, illados e dispuestos en fila, trazan unha melancólica vía de fuga da función

Habana, toma como modelo las ilustraciones de Bakisfigus, el dibujante propagandista de los años treinta<sup>3</sup>. A esta, sin embargo, parece faltarle impulso y, cuando mira atrás, se parece más al ángel de la historia que a un constructor de futuro. Una obra casi gritada que nace del recuerdo de Garaicoa de las muchas palabras y frases de incitación pintadas en las paredes de Cuba, pero que enlaza asimismo con los mensajes publicitarios que nos hablan de un mundo perfecto y al alcance de todos, aunque cada vez menos accesible para muchos.

La secuencia, unida a unas imágenes inspiradas en algunas obras cubofuturistas poco conocidas de Duchamp<sup>4</sup>, ligadas al pasado, al presente y a un futurismo más cinematográfico que real, refuerza la sensación de haber llegado a un lugar donde las épocas de mezclan en la batidora de la historia y donde todo puede repetirse, regenerarse o revertirse. Las dimensiones crean desconcierto y, en un primer momento, nos parece asistir a una exhibición de fuerza destinada a impresionar; sin embargo, cuando lo pensamos mejor, estas dimensiones adquieren otro significado. Hablan de la ciudad, de la metrópoli como *exposición* donde todo debe subordinarse a la seducción y la transgresión aparente para ser deseable y, si es posible, adquirible.

La referencia a obras anteriores, como *Palabra transformada* (2009), donde las consignas oficiales se ensamblaban y se transformaban en proyecto de cambio, va acompañada de un conjunto de pequeñas obras presentes en la exposición: *Edificios parlantes* (2011-2012), bellísimas síntesis entre líneas proyectuales y arquitecturas del pensamiento irónicamente antirretóricas. Un golpe mortal a la figuración desbordante de los carteles giratorios, aliados invencibles en la desestructuración del principio de las ideas fijas.

En este rotar de imágenes y este juego de referencias de lo más pequeño a lo más grande, la plaza se ensancha, los planos se desalinean y las perspectivas se duplican y triplican. Al margen del espacio se desarrollan dos grandes estructuras de cristal cuyas puertas metálicas se abren hacia diferentes capítulos de la historia.

Edificios racionalistas reducidos a escultura y que, aislados y dispuestos en fila, trazan una melancólica vía de fuga de la función

3 Bachisio Secondo Figus, máis coñecido como Bakisfigus, naceu en Abbasanta en 1905 e faleceu en Oristano en 1990. Nos anos trinta, trasladouse a Milán, onde comezou a traballar na incipiente industria da publicidade. O seu anuncio do lubricante Aeroshell, ao que fai referencia Garaicoa, apareceu na revista *Le vie d'Italia* en 1933. A partir de 1936, colaborou coa revista *Costruire* realizando portadas inspiradas na propaganda fascista.

4 Marcel Duchamp (1887-1968), axitador do dadaísmo e pai do *ready made*, pintou entre 1911 e 1912 obras como *Mozo triste nun tren* e *Espido baixando unha escaleira*, que marcaron un hito na historia do cubismo e do futurismo y puxeron punto final á súa experiencia coa pintura, entendida no sentido habitual.

5 Na exposición poden verse os modelos que Carlos Garaicoa realizou dos seguintes edificios: a Casa del Fascio de Como (1932-1936), do arquitecto Giuseppe Terragni; o Sagrario Militar de Oslavia (1938), do arquitecto Ghino Venturi; o proxecto rexeitado para o monumento aos caídos do monte Grappa (1927), do arquitecto Alessandro Limogelli; o Palacio da Civilización Italiana de Roma (1938-1953), dos arquitectos Giovanni Guerrini, Ernesto Lapadula e Mario Romano, cuxo proxecto foi seleccionado por Marcello Piacentini para a Exposición Nacional de Roma de 1942; a Torre de Maratón do estadio Mussolini de Turín (1932), do arquitecto Brenno del Giudice e o enxeñeiro Gustavo Colonnetti; o lavadoiro da colonia SNIA Viscosa de Turín (1925), do enxeñeiro Vittorio Tornielli, e o rañaceos da Reale Mutua, máis coñecido como Torre Littoria, de Turín (1933), do arquitecto Armando Melis de Villa e o enxeñeiro Giovanni Bernocco.

3 Bachisio Secondo Figus, más conocido como Bakisfigus, nació en Abbasanta en 1905 y falleció en Oristano en 1990. En los años treinta, se trasladó a Milán, donde comenzó a trabajar en la incipiente industria de la publicidad. Su anuncio del lubricante Aeroshell, al que hace referencia Garaicoa, apareció en la revista *Le vie d'Italia* en 1933. A partir de 1936, colaboró con la revista *Costruire* realizando portadas inspiradas en la propaganda fascista.

4 Marcel Duchamp (1887-1968), agitador del dadaísmo y padre del *ready made*, pintó entre 1911 y 1912 obras como *Joven triste en un tren* y *Desnudo bajando una escalera*, que marcaron un hito en la historia del cubismo y el futurismo y pusieron punto final a su experiencia con la pintura, entendida en el sentido habitual.

5 En la exposición pueden verse los modelos que Carlos Garaicoa ha realizado de los siguientes edificios: la Casa del Fascio de Como (1932-1936), del arquitecto Giuseppe Terragni; el Sagrario Militar de Oslavia (1938), del arquitecto Ghino Venturi; el proyecto rechazado para el monumento a los caídos del monte Grappa (1927), del arquitecto Alessandro Limogelli; el Palacio de la Civilización Italiana de Roma (1938-1953), de los arquitectos Giovanni Guerrini, Ernesto Lapadula y Mario Romano, cuyo proyecto fue seleccionado por Marcello Piacentini para la Exposición Nacional de Roma de 1942; la Torre de Maratón del estadio Mussolini de Turín (1932), del arquitecto Brenno del Giudice y el ingeniero Gustavo Colonnetti; el lavadero de la colonia SNIA Viscosa de Turín (1925), del ingeniero Vittorio Tornielli, y el rascacielos de la Reale Mutua, más conocido como Torre Littoria, de Turín (1933), del arquitecto Armando Melis de Villa y el ingeniero Giovanni Bernocco.

histórica que cumprían outrora. Recoñecemos<sup>5</sup> a Casa del Fascio de Como, polémico exemplo de racionalismo contra a vulgaridade do monumentalismo oficial do Palacio da Civilización de Roma, froito trágico do clasicismo. A Torre de Maratón do Estadio Mussolini de Turín e a Torre Littoria de piazza Castello álzanse por encima do lavadoiro da colonia obreira SNIA Viscosa, minúscula en comparación coas construcións oficiais non destinadas á vida común. Desertificados pola retórica do seu tempo, os edificios non parecen máis ca exercicios arquitectónicos máis ou menos logrados: ás veces, monumentos tetragonais á tristeza da historia; outras, visionarios monumentos aos sonhos trocados en pesadelo. Aí reunidos, exhibidos tras un cristal na praza pública, parecen distantes obxectos de estudo. Case nada comparados coas acrobacias arquitectónicas actuais. Con todo, a historia aínda non acougou, segue chorando. En todos eles vemos unhas surrealistas superfetacións de cristal que sobresaen de cada un dos seus ocos, aberturas e orificios. Como corpos humanos sometidos ao suplicio, liberan humores e reclámanse inesquecibles como a historia que simbolizan.

Otro aparador, outra ventá e o panorama cambia. Fotografías de lugares e contornas irrecoñecibles como pezas dunha partida de dominó que aínda non empezou, especulares e oblicuas unhas con respecto ás outras, reflicten fragmentos de imaxes desenfocadas. Un deseño de papel de parede, unha ventá luminosa, unha lámpada, un lavabo, unha suma de detalles mínimos cunha historia ás súas costas, pero, quizais, con outra aínda máis importante que aínda non se escribiu. Garaicoa volve apropiarse aquí da aventura fotográfica, da improvisación e da lixeireza de non ter que cargar con relatos demasiado grandes para poder sostelos. Son as fotografías tomadas en Turín, no recinto da Cavallerizza Reale<sup>6</sup>, lugar cuxa finalidade segue sendo incerta e, polo momento, terreo de probas para mozos creadores e espazo de encantamento e futuro.

O proxecto presenta puntos de vista distintos, pero, ante todo, intégrase co pensamento e a palabra. Carlos Garaicoa elixiu as palabras dos mozos da Cavallerizza aos que coñeceu en Turín e uniunas coas de Pier Paolo Pasolini e Filippo Tommaso Marinetti para tratar de explicar as historias do edificio. Tres puntos de vista, tres pensamentos destinados non a abrazar o relativismo sen tempo da indiferenza, senón a afirmar que ningún feito, acción nin pensamento pode ser intercambiado por outro e que é preciso tomar distancia para non quedar hipnotizado ante a sedución da metrópole-exposición. Palabras para expresar o devir urbano metropolitano e para elixir a cada momento.

Elixir, por exemplo, non aceptar a imaxe educativa concentracionaria e panóptica que as arquitecturas transformadas

histórica que cumprían antaño. Reconocemos<sup>5</sup> la Casa del Fascio de Como, polémico ejemplo de racionalismo contra la vulgaridad del monumentalismo oficial del Palacio de la Civilización de Roma, fruto trágico del clasicismo. La Torre de Maratón del Estadio Mussolini de Turín y la Torre Littoria de piazza Castello se alzan por encima del lavadero de la colonia obrera SNIA Viscosa, minúscula en comparación con las construcciones oficiales no destinadas a la vida común. Desertificados por la retórica de su tiempo, los edificios no parecen más que ejercicios arquitectónicos más o menos logrados: a veces, monumentos tetragonales a la tristeza de la historia; otras, visionarios monumentos a los sueños trocados en pesadilla. Ahí reunidos, exhibidos tras un cristal en la plaza pública, parecen distantes objetos de estudio. Casi nada comparados con las acrobacias arquitectónicas actuales. Y sin embargo, la historia todavía no se ha calmado, sigue llorando. En todos ellos vemos unas surrealistas superfetaciones de cristal que sobresalen de cada uno de sus huecos, aberturas y orificios. Como cuerpos humanos sometidos al suplicio, liberan humores y se reclaman inolvidables como la historia que simbolizan.

Otro aparador, otra ventana, y el panorama cambia. Fotografías de lugares y entornos irreconocibles como piezas de una partida de dominó que todavía no ha empezado, especulares y oblicuas unas con respecto a las otras, reflejan fragmentos de imágenes desenfocadas. Un diseño de papel de pared, una ventana luminosa, una lámpara, un lavabo, una suma de detalles mínimos con una historia a sus espaldas, pero, quizá, con otra aún más importante que todavía no se ha escrito. Garaicoa vuelve a apropiarse aquí de la aventura fotográfica, de la improvisación y de la ligereza de no tener que cargar con relatos demasiado grandes para poder sostenerlos. Son las fotografías tomadas en Turín, en el recinto de la Cavallerizza Reale<sup>6</sup>, lugar cuya finalidad sigue siendo incierta y, por el momento, terreno de pruebas para jóvenes creadores y espacio de encantamiento y futuro.

